

HOMENAXE AO COMERCIO DE COMPOSTELA 2011

A comisión avaliadora, presidida por Xosé Manuel Iglesias, acordou por unanimidade o outorgamento da distinción a estes establecementos, primando a antigüidade do establecemento e o carácter familiar.

- **Confecciones Sánchez** (9 puntos): data do ano 1946 (65 anos de antigüidade) e desde a súa apertura foi explotado no seo da mesma familia. Situado na rúa da Algalia de arriba 9.
- **Fotos Sandine**: (7 puntos): data do ano 1969 (42 anos de antigüidade) e desde a súa apertura foi explotado no seo da mesma familia. Situado na rúa do Vilar 23.
- **Electrodomésticos Muíños**: (7 puntos): data do ano 1974 (37 anos de antigüidade) e desde a súa apertura foi explotado no seo da mesma familia. Situado en Rúa da Algalia de Arriba 41.
- **Joyería Regueira**: (7 puntos): data do ano 1976 (35 anos de antigüidade) e desde a súa apertura foi explotado no seo da mesma familia. Situado en Rúa Acibechería 9.
- **Calzados Valiño**: (7 puntos): data do ano 1979 (32 anos de antigüidade) e desde a súa apertura foi explotado no seo da mesma familia. Situado na rúa do Preguntoiro 24.
- **Lencería Carol**: (6 puntos): data do ano 1988 (23 anos de antigüidade) e desde a súa apertura foi explotado no seo da mesma familia. Situado en Casas Reais, 32.

GAÑADOR ANUAL DE ESCAPARATISMO

Como gañador anual do *Concurso Municipal de Escaparatismo SCQ Shopping* escóllese, de entre os comercios premiados nas distintas edicións, ao que obtivera un maior número de premios ao longo do ano, valorando deste xeito o esforzo e continuidade no certame. O gañador anual de 2010 é **Castelcan**. Esta tenda, especializada en perruquería e todo tipo de complementos para animais de compañía, e localizada en García Prieto número 10, quedou terceira na edición de primavera e primeira na edición de Nadal.

COMERCIO MÁIS PARTICIPATIVO

Con esta distinción preténdese recoñecer a traxectoria dun establecemento tomando como referencia a súa participación nas diferentes accións da Concellaría de Promoción Económica e Comercio. En 2010, o comercio premiado foi **Como Pez en el agua**, localizado na Rúa de San Pedro, número 79.

REGALAR CUSTA POUCO 2010

Durante o acto distinguíronse así mesmo aos tres establecementos premiados no **III Concurso catálogo de promoción comercial de Compostela Regalar custa pouco 2010**;

un programa que ten como obxectivo potenciar as compras nos establecementos comerciais da cidade durante o Nadal. Os comercios premiados en 2010 foron:

1. **Equisol comercio xusto**, polo produto Belén de algodón en bolsa. Situado na rúa Gómez Ulla 4.
2. **BS Artesanía**, polo produto *Broche mosca*. Situado na Rúa Algalia de Arriba 14.
3. **Chocolat Factory**, polo produto *Big emotions from Santiago*. Situado na Praza do Toural 10.